



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Expt.: 4/10-C

En data 16.08.2010 a Alcaldía ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

“Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente este contrato.

Segundo.- Elevar a definitiva a adxudicación do contrato de obra “REHABILITACIÓN DE PABELLÓN POLIDEPORTIVO” á empresa ANTALSIS, S.L., co CIF n.º B15867435, e domicilio na rúa Gambrinus n.º 7, 2º andar, Polígono Industrial A Grela, en A Coruña (CP 15008), polo importe de 328.846,62 € máis o IVE (18%) por importe de 59.192,39 €, que fan un importe total de 388.039,01 €, e coas seguintes condicións:

- *N.º de traballadores desempregados a contratar: 10*
- *N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 7*
- *Prazo de execución: 3 meses*
- *Incrementa o prazo de garantía en 60 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no proxecto, co que o prazo total de garantía é de 72 meses.*
- *Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 1,75 pasando do 1,25% fixado no proxecto, ao 3%.*
- *Melloras: as descritas na súa oferta por importe de 77.353,96 € (IVE incluído).*

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.04.2010 e a oferta achegada pola empresa.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 452.632.21 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a elevación a definitiva da adxudicación provisional ao contratista e aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

Quinto.- Emprazar ao adxudicatario para a sinatura do contrato que terá lugar o día 17.08.2010 ás 12:30 horas, na sala de comisións anexo á Alcaldía.

Sexto.- Requirir ao adxudicatario para que no prazo de 15 días naturais contados dende a notificación deste acordo achegue o programa de traballos así como o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para a súa

PERFIL DO CONTRATANTE

aprobación polo órgano de contratación previo informe do coordinador de seguridade e saúde e posterior comunicación á autoridade laboral.

Sétimo.- *Nomear directora de obra á arquitecta municipal dona María Isabel Medraño Fariña.*

Oitavo.- *Notificar este acordo á directora de obra e os departamentos municipais de contratación e Intervención e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia.*

Noveno.- *Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei de Contratos do Sector Público.*

Décimo.- *Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebra aos efectos da súa ratificación”.*

O que se fai público aos efectos oportunos.